



ANUNCIO DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS AXUDAS DIRIXIDAS A ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2025

Por Resolución da Alcaldía núm. 1043/2025, de data 13 de novembro de 2025, adoptáronse os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Por Decreto número 905 da Alcaldía, de data 08-10-2025, aprobouse a convocatoria de subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no Concello de Muros para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva. A convocatoria foi publicada no BOP núm. 157, do 20 de agosto de 2025, conforme ás bases xerais aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xaneiro de 2025 e publicadas no BOP núm. 74, do 21 de abril de 2025.

SEGUNDO: Logo de ver os informes do órgano instrutor, o informe do monitor cultural do Concello de Muros, e a acta da Comisión de Valoración de data 6 de novembro de 2025, relativos á adecuación das solicitudes presentadas e ao cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras, así como á valoración das solicitudes admitidas, acredítase o cumprimento dos requisitos e propóñese a concesión das subvencións ás seguintes entidades e polos importes que se indican:

ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	CONCESIÓN	XUSTIFICACIÓN
ADISBISMUR	G15052137	Obradoiro de dinámicas grupais	1.185,00 €	1.777,50 €
AF XIMIELA	G15882954	Obradoiros de música, canto e baile tradicional	1.000,00 €	1.599,60 €
ACRD CABANAS	G70697016	Actividades 2025	885,00 €	1.212,45 €
AC A PONTE VELLA	G70027693	Sábados interxeneracionais	885,00 €	1.159,35 €
AAVV A OSTREIRA	G15396567	Mantemento anual galeón	885,00 €	1.106,25 €
A MAR DE MUROS	G15939127	Conservación e difusión do patrimonio marítimo muradán	885,00 €	973,50 €
AF XEITURA	G15771769	Intercambio cultural a outras comunidades	850,00 €	1.614,53 €
A AGROCOVO DE ESTEIRO	G70110713	Actividades de música e baile tradicional	850,00 €	934,73 €
ACDRM RUMIAL	G70230784	Campo de Cortes: Do cea á terra	750,00 €	825,00 €
SC MONTELOURO	G15230220	Aulas de canto coral	750,00 €	1.200,00 €
AMT ABELLEIRA	G75425788	III Foliada Abelleira E.	750,00 €	1.237,50 €
AX D'JARANA	G22868889	Mostra taller bailes urbanos	660,00 €	990,00 €
CORAL DON DIEGO DE MUROS	G15543473	Encontro corais e equipamento para homes	660,00 €	990,00 €

Condiciónase a concesión das subvencións a que a totalidade das entidades beneficiarias se atopen ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Municipal do Concello de Muros, coas Facendas



**Concello
de Muros**

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Estatal e Autonómica, e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, e que non incorran en procedemento de reintegro nin de perda do dereito de cobro de subvencións anteriores. Fiscalizado o expediente pola Intervención municipal e acreditada a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 334.48000 (Subvencións a entidades culturais).

RESOLVO:

PRIMEIRO. Comprometer o gasto e aprobar a concesión provisional en réxime de concorrencia competitiva das subvencións dirixidas a entidades para a realización de actividades culturais no Concello de Muros para o ano 2025, segundo se establece no Anexo I desta resolución.

SEGUNDO. Abrir un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para que os solicitantes poidan presentar alegacións, reformulacións, emendar erros ou comunicar a súa desistencia. Transcorrido o prazo sen manifestación expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

TERCEIRO. Notificar ás entidades interesadas esta resolución, indicando que para o pago das subvencións deberán presentar a documentación xustificativa segundo o disposto na base 9ª das bases reguladoras, tendo como data límite o 30 de novembro de 2025.

CUARTO. Dar traslado desta resolución á Intervención, Tesourería Municipal e ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre, para o seu coñecemento.

Muros, 13 de novembro de 2025

María Lago Lestón
Alcaldesa do Concello de Muros
(asinado dixitalmente)